

01

Z l

O río da vida

Zalo garcía

DEPUTACIÓN DE LUGO
Área de Cultura e Deporte

Antón Bao Abelleira
Vicepresidente

Antonio Veiga Outeiro
Deputado Delegado

CATÁLOGO

Colección Ronsel 01

Edita
Museo Provincial de Lugo
Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo

Coordinación
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Departamento de Publicacións da Rede Museística Provincial

Textos
Antonio López
Tomás Subirán Ariño

Fotografías
Germán Limeres

Deseño gráfico e maquetación
ta ta ta

ISBN: 978-84-8192-399-5
Depósito legal: LU-306-2008

Primeira edición, agosto de 2008

© **da presente edición** Museo Provincial de Lugo
© **dos textos** os seus autores
© **das fotografías** os seus autores

Gonzalo Sánchez Folgueira, Zalo, é un artista lucense, non só porque o seu nacemento se dese nesta cidade, o seu nome está unido de xeito unívoco a Lugo, por unha banda pola súa produción artística e por outra pola relación, non artística, do autor con esta cidade. Mestre en diferentes centros lucenses, pintor e fotógrafo, crítico de arte e membro activo da Asociación de Artistas Plásticos de Lugo, Zalo é un referente no mundo cultural lucense.

A súa primeira exposición tivo lugar en Lugo, na casa do Concello, cando el só tiña 18 anos, e supuxo o inicio dunha longa carreira con numerosas mostras que se levaron a cabo en diferentes cidades ao longo e ancho do país. Un ano que marca un fito histórico na súa vida é o 1972 cando a Bienal de Pontevedra selecciona o seu óleo Non convén chorar máis, Galiza érguese e danza. Esta selección na Bienal supuxo o seu recoñecemento no mundo artístico, non só o recoñecemento ao artista, tamén o recoñecemento á Galiza interior e á cidade amurallada.

Ao longo dos anos a obra de Zalo como pintor sofre diferentes transformacións, dende unha primeira etapa na que a xeometrización das obras é evidente até embarcarse nunha pintura máis vencellada á realidade.

Pero estamos diante dunha exposición de fotografía que recolle a traxectoria de toda unha vida de dedicación a

esta arte, non cabe dúbida que ao percorrela ímonos dar conta de que a fotografía é algo máis que a simple aplicación dunha técnica, senón que o importante é a persoa que se coloca detrás do obxectivo. A fotografía é un xeito de ver e de percibir cada instante que se vive e que se fai realidade cada vez que se captura unha imaxe. Estamos diante dunha obra de autor, autor cunha personalidade moi definida, a cal se ve reflectida en todas e cada unha das fotografías que recollen esta mostra que presenta obra elaborada ao longo de corenta anos e en consecuencia dunha manifesta pluralidade temática.

Pero sobre todo podemos ver na mostra a forza das imaxes que foron captadas polo artista, pois foron capturadas desde a súa propia emoción e con elas fai partícipe ao espectador das emocións que manan das propias fotografías e do propio momento en que se captaron. Porque ao autor só lle interesa fixar na imaxe aquilo que o emociona en cada intre. Por todo iso é moi grato para a Área de Cultura da Deputación presentar no Museo Provincial de Lugo, dentro da programación do seu 75 aniversario, esta mostra tan atinadamente titulada “O río da vida” e este catálogo que recolle unha selección das obras que nela se nos ofreceron.

Antón Bao Abelleira
Vicepresidente da Deputación de Lugo

ANTONIO LÓPEZ

O río da vida en imaxes

O tempo é acumulación de imaxes, marca de vínculos coas historias individuais, xeralmente afogadas no mar da historia colectiva. Non obstante, a arte rescátanos do afundimento.

Isto é, precisamente, o que acontece con Gonzalo. Percorrer a súa obra pictórica, ensaística, literaria e, neste caso, fotográfica, é entrar na poesía feita imaxe, e penetrar na alma das formas, da luz, da sombra. A mensaxe vai cargada de nostalxia, ternura, algarabía; en fin, o río da vida sustentado pola técnica e a alma. As imaxes viven alén da linguaxe, e logran plasmar a transcendental forza do instante, paradigma alegórico da beleza, do asombro.

Seleccionando na súa vasta obra as pezas para esta exposición, puiden volver a gozar coa dignidade filosófica das instantáneas.

Gonzalo Sánchez Folgueira, "Zalo", inspirado ilusionista, portador da alquimia, espiuse, e revélasenos, á fin e ao cabo, como o que é: un poeta. En honor á brevidade, só quero instarvos a mirar: pasen e vexan.



Lugo esencial

Solarización controlada e virado parcial por sulfuración
40 x 30 cm
1978

TOMÁS SUBIRÁN ARIÑO

Imaxes dunha vida

Ante a posibilidade de que alguén puidese considerar que as últimas tecnoloxías supoñen a perda de vixencia dos procedementos anteriores, debemos manternos alerta, xa que corremos o risco de esquecer que a importancia da fotografía radica na posibilidade específica que posúe de superar a natureza inestable e efémera do tempo, capturando e fixando o instante vivido polo autor para transmitilo ao espectador.

Efectivamente, ao transitar por esta exposición podemos comprender doadamente que a fotografía é algo máis que a simple aplicación dunha técnica depurada porque, como ocorre con calquera outra actividade artística, o importante, o decisivo, o que fará que a obra sexa diferente, será a persoa que se sitúe detrás da cámara, proxectando os seus sentimentos por medio dunha mirada absolutamente persoal a través do lente. É, antes que nada, “un xeito de ver e de percibir cada instante vivido”, tal como o expresa o propio autor da mostra.

Proust, pola contra, expoñía que a personalidade do autor non ten por que proxectarse na súa obra. Porén esta proposta, que pode ser discutible na actividade literaria, amósasenos claramente desafortunada ao trasladala ao eido das artes visuais. Abondaría con lanzar unha mirada panorámica sobre a historia da pintura, para comprobar

as diferentes personalidades que se nos revelan a través das obras de cada autor. Un bo exemplo disto constitúeo esta mostra fotográfica de Zalo (Gonzalo Sánchez Folgueira). Estamos diante unha obra absolutamente persoal e intimista, dotada polo tanto dunha linguaxe propia que non obstante, ou quizais por iso mesmo, faise universal. O “eu” que fotografía non é distinto do “eu” que vive. Este é o seu don fundamental; a forza das imaxes captadas dende as súas propias emocións, acaban incrustándose no espectador, facéndoo partícipe dunha fugaz realidade que queda atrapada na maxia do instante vivido. Porque a este autor só lle interesa fixar na imaxe aquilo que o emociona en cada intre, desdeñando calquera indicio de pose ou afectación, recorrendo o menos posible aos medios técnicos que podería ofrecerlle un estudo ben equipado.

Os latinos empregaban a palabra auctor, que significa o que aumenta, para designar os heroes que conseguían ensanchar a realidade da que partían, conquistando novos territorios. Así, o poeta aumenta a realidade engadindo unha nova dimensión, que nos levar cara a ese intramundo persoal no que habita o verdadeiro artista. E isto é o que percibimos perante as fotografías de Zalo, que nos ofrece a posibilidade de traspasar a superficie bidimensional das súas obras, para introducirmos nun novo continente de sensacións no que todo é posible, agás, a indiferenza.

Se Schiller escribiu que a linguaxe lle fora dada aos homes para non demostrar os seus sentimentos, a obra de Zalo desmínteo de maneira rotunda. En todas as súas

fotografías podemos ver nidiamente os seus. A súa mensaxe vai cargada de tenrura, ironía e unha certa dose de sensualidade, todo isto envolto no papel de celofán das lembranzas. Poesía feita imaxe, en definitiva. Por isto a súa obra incide directamente no espírito, ao converter irrepetibles intres da vida cotiá, nun universo persoal de emocións e percepcións estéticas.


Estamos pois diante unha obra de autor, cunha personalidade moi definida, que se pon de manifesto en todas e cada unha das fotografías desta mostra, obtidas ao longo de máis de corenta anos —o que lle permite abranguer unha riquísima variedade temática— e que hoxe saen da intimidade do seu estudo para que, ao fin, poidamos gozar delas. Sen dúbida, esta colección constitúe unha significativa achega ao acervo gráfico e cultural de Galicia.



Marisa
40 x 30 cm
2003



Tony
40 x 30 cm
1983



Beatriz e a publicidade
40 x 30 cm
1977



O gran Tonetti
40 x 30 cm
1984



O orgullo das redeiras
40 x 30 cm
1983
Cayón, A Coruña



O misterio da Catedral (neoclasicismo en estado líquido)
40 x 30 cm
1980
Lugo



Sofiando ó sol
40 x 30 cm
1989



Poema visual
40 x 30 cm
1974
Parque Rosalía de Castro, Lugo



Compartindo lembranzas

40 x 30 cm

1989

Adarbe da Muralla Romana, Lugo



O can ataulfo


30 x 40 cm

1985

O Cebreiro, Lugo




Estanque japonés
40 x 30 cm
1992



Xa están aquí...
40 x 30 cm
1992



Pestana
40 x 30 cm
1987



A noviza
40 x 30 cm
1986



Pedro Prósper e seu irmão
30 x 40 cm
1985
Lugo



O coche negro
40 x 30 cm
1985
Lugo




O gran irmán.
40 x 30 cm
1984



Eclipse lunar
40 x 30 cm
1999



O sexo das árvores
40 x 30 cm
1984



Paisagem enigmática
40 x 30 cm
1983




Norte e Sur (o mundo no que vivimos)
40 x 30 cm
2005



A pera
40 x 30 cm
2001

LUGO, 12 DE OUTUBRO DE 1941

Gonzalo Sánchez Folgueira



Autorretrato premonitorio, 1984

1960

Primeira exposición de pintura no Concello de Lugo.

1972

Seleccionado para a II Bienal de Arte de Pontevedra. Exposición de pintura no Círculo de las Artes de Lugo (individual).

1977

Exposición de pintura no Paraninfo da Deputación de Lugo (individual). Exposición de pintura na Galería Torrado de Pontevedra (individual).

1978

Exposición de pintura na Sala Arabesque de A Coruña (individual).

1981

Exposición de pintura no Banco de Crédito e Inversións de Lugo (individual).

1984

Colectiva de Artistas Galegos (Delegación de Cultura). A Coruña. Exposición de pintura Aula de Cultura Caixa Galicia de A Coruña (individual). Exposición de fotografía na Áula de Cultura de Caixa Galicia en Santiago de Compostela. Exposición "3 fotógrafos lucences" (Valentín Roldán, Hipólito Galán e Gonzalo S. Folgueira) na Deputación de Lugo.

1985

As súas obras obran figuran na "I Bienal de Fotografía" organizada pola Agrupación Foto-cinematográfica Fonmiñá.

1992

Exposición de óleos, sanguinas e tintas na Sala do Banco Galego de Lugo (individual).

1993

Colectiva de profesores de debuxo do Instituto de Bacharelato "Lucus Augusti" de Lugo, no cincuentenario do centro.

1995

I Mostra Colectiva da Asociación de Artistas Plásticos lucenses, da que foi un dos seus fundadores e o seu primeiro presidente.

1997

Colectiva "Artistas pola liberdade", organizada por Amnistía Internacional, celebrada na Sala Almirante de Lugo. Dirixe e coordina o "I Encontro coa Música" (a música nas artes plásticas), 50 autores galegos, nas distintas disciplinas (Círculo de las Artes de Lugo), organizado pola AAP Lucenses e a Filarmónica de Lugo.

1998

Exposición monográfica "Lucus blues", celebrada na Sala Almirante de Lugo, xunto co escultor Juan Puchades Quilis.

2005

Exposición itinerante de fotografía en Lugo e A Coruña, organizada pola Dirección Xeral de Promoción Cultural da Xunta de Galicia (individual).

2006

Exposición fotográfica no Colexio Oficial de Arquitectos de Ferrol (individual).

2007

Exposición de fotografía "Imaxes dunha vida"; celebrada na Fundación Gonzalo Torrente Ballester de Santiago de Compostela, organizada pola S.A. Xestión do Plan Xacobeo (individual).

2008

Exposición antolóxica "O río da vida". Museo Provincial de Lugo.

Foi profesor de debuxo no Instituto de Bacharelato "Lucus Augusti" de Lugo (1969-1975). Desde 1979 vén impartindo cursos de debuxo e pintura en distintos centros da capital lucense. Desde 1998 ata 2006, ano no que se xubila, foi profesor de Fotografía Artística na Escola de Arte e Superior de Deseño "Ramón Falcón" de Lugo.

Entre outras distincións, foi Mención de Honor no Certame Nacional de Artes Plásticas polo seu óleo "Espectros rítmicos" (1962), e a súa obra foi seleccionada para a "II Bienal de Arte de Pontevedra" (1972).

Foi convidado en varias ocasións a participar en distintas exposicións colectivas de artistas galegos. Existen obras súas no Museo Provincial de Lugo, así como en diversas coleccións privadas de Gran Bretaña, Alemaña e Canadá.



A pegada do home
40 x 30 cm
1983
Portomarín, Lugo